



CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO PARA ESTUDANTES DE PROGRAMAS DE MOVILIDADE INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NAS RESIDENCIAS PÚBLICAS UNIVERSITARIAS DOS CAMPUS DE A CORUÑA E FERROL. CURSO 2024/25

A Universidade da Coruña (UDC) convoca **prazas de aloxamento** nas residencias públicas universitarias dos campus de A Coruña e Ferrol para o curso académico 2024/25, para o estudantado de programas de mobilidade internacional Erasmus+ y Bilateral SM, de acordo coas seguintes bases:

1. SOLICITANTES E REQUISITOS

Estudantes entrantes participantes nun programa de mobilidade internacional Erasmus+ ou Bilateral SM, para estadías nos campus da Coruña e Ferrol durante o curso 2024/25 e que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria.

O alumnado deberá estar nominado debidamente pola súa Universidade de orixe, en todo caso, antes do 1 de xuño de 2024, e xustificar ter un contrato de estudos asinado coa UDC antes da súa entrada na residencia, en todo caso, antes do 16 de setembro de 2024.

2. EXCLUSIÓNS

Ademais das persoas que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, non poderán ser admitidas as solicitudes de estudantes que teñan un informe negativo da residencia da UDC na que estiveran aloxadas con anterioridade.

3. NÚMERO DE PRAZAS E COTAS DE RESERVA

O número de prazas ofertadas nas residencias públicas universitarias da UDC para estudantes de mobilidade internacional é o que segue:

8 prazas en cuartos dobres na Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (Praza Museo Nacional de Ciencia 3, 15011 A Coruña): 5 prazas para mobilidades internacionais ao abeiro dos programas Erasmus+, e 3 prazas para convenios bilaterais asinados pola UDC.

4 prazas en cuartos dobres na Residencia Pública Universitaria de Ferrol (Rúa Sánchez Barcáiztegui 28, 15401 Ferrol): 2 prazas para mobilidades internacionais ao abeiro dos programas Erasmus+, e 2 prazas para convenios bilaterais asinados pola UDC.

4. SELECCIÓN DE SOLICITANTES

Como norma xeral, as prazas de aloxamento serán adxudicadas por orde de recepción de solicitudes, ata cubrir o total de prazas ofertadas.

Terán prioridade sobre a disposición anterior, os estudantes con **estadías anuais** e aqueles que cumpran algunha das condicións que se especifican no Anexo I desta convocatoria, na orde de prioridade que se estableza a partir da suma de puntuacións do baremo establecido.

Establecerase unha lista de agarda de cara a cubrir prazas que poideran quedar libres por renuncia dalgún dos adxudicatarios.

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5. PREZOS E PAGAMENTO DO ALOXAMENTO

5.1. Prezos

No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wifi. O prezo do aloxamento establecece en **119 euros ao mes**, sendo necesario aboar unha **fianza de 150 euros**.

En ningún caso o importe que será concedido na bolsa para esta finalidade, poderá ser superior ao custo real do servizo, de acordo co establecido no art. 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5.2. Pagamento do aloxamento

O pagamento da mensualidade deberá realizarse dentro dos **cinco primeiros días de cada mes**, polo procedemento que se publicará xunto coa resolución definitiva de adxudicación.

As renuncias as prazas das residencias durante o curso académico deberán ser comunicadas por correo electrónico a residence_iro@udc.gal, e á residencia onde fora admitido/a, cun mínimo de cinco días de antelación.

6. DURACIÓN DAS ESTADÍAS

O período de duración das estadias será do **1 de setembro de 2024 até o 30 de xuño de 2025**. As entradas durante o mes de setembro posteriores á data indicada, ou saídas durante o mes xuño anteriores á data indicada non implicará modificación de prezo.

No caso de querer prorrogar a súa estadia na residencia, poderá solicitalo e aboar o importe correspondente.

As residencias permanecerán pechadas do **23 de decembro de 2024 até o 6 de xaneiro de 2025, e do 14 ao 21 de abril de 2025**, ambos inclusive, excepto que alcance o 10% da ocupación de prazas nese momento, sen que esta circunstancia implique ningunha redución dos prezos. A petición de permanencia na residencia nestas datas deberá comunicarse cunha antelación mínima de 10 días naturais aos enderezos electrónicos: residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal ou residenciauniversitaria.coruna@udc.gal segundo corresponda.

7. PROCEDEMENTO, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

7.1. Procedemento e lugar de presentación

A solicitude da praza realizarase a través do documento que figura como ANEXO III ao final desta convocatoria.

Unha vez impreso/cuberto dito documento, a persoa solicitante deberá asinalo e presentalo coa documentación esixida nos anexos desta convocatoria na Oficina de Relacións Internacionais nos campus de A Coruña (Elviña) ou Ferrol (Esteiro).

Tamén poderá presentalo por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, deberán **adiantar** por correo electrónico a solicitude ao enderezo de correo electrónico residence_iro@udc.gal co asunto: RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS_2024/25.

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





7.2. Prazo de presentación

O prazo de solicitude permanecerá aberto dende o día seguinte a publicación da convocatoria no Taboleiro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) até as 14:00 h do **25 de xuño de 2024**.

Admitirase unha única solicitude por persoa.

8. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes valoraranse de acordo cos criterios que se sinalan no artigo 5 e no ANEXO I desta convocatoria.

Unha vez rematado o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse as relacións provisionais das solicitudes admitidas e as denegadas, xunto coa causa de denegación e a listaxe de agarda.

As persoas coa solicitude denegada disporán dun prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións e/ou achegar a documentación que permita emendar os posibles erros.

Rematado o prazo de alegacións, publicaranse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas, a listaxe de agarda e a relación de solicitudes denegadas. Todas as publicacións realizaranse no taboleiro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board).

9. ACEPTACIÓN, ENTREGA E DEVOLUCIÓN DA FIANZA

Dende o día seguinte á publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas, o alumnado disporá de **cinco días hábiles** para aceptar a praza e depositar a correspondente fianza de 150 euros.

O procedemento para o ingreso da fianza publicarase xunto coa resolución definitiva de adxudicación.

O xustificante de dito ingreso enviarase por correo electrónico a residence_iro@udc.gal, e servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa adxudicataria.

A asignación das habitacións efectuarase nas propias residencias, e o alumnado deberá asinar o documento de aceptación das condicións xerais que rexen o aloxamento nas residencias.

Se non cumprise algún destes trámites, entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu, e procederase a cubrir coa persoa á que lle corresponda da listaxe de agarda.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o alumnado deteriorase as instalacións ou a moblaxe da residencia, teña débedas pendentes, ou abandone a residencia por decisión propia antes de rematar o curso. Neste último caso a fianza poderá devolverse en casos excepcionais debidamente xustificadas.

O prazo para solicitar a **devolución da fianza por renuncia expresa** da praza adxudicada será ata o día **16 de setembro de 2024**.

10. PERDA DO DEREITO Á PRAZA

Ademais dos que se recollen noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda do dereito á praza que se conceda nas residencias da UDC os seguintes:

a) O atraso no pagamento das cotas da residencia de dous meses.

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- b) A cesión a outra persoa da praza que se lle concedeu.
- c) A anulación ou suspensión da mobilidade.
- d) Os recollidos no Regulamento de réxime interno das Residencias Universitarias Públicas.

11. COMPROBACIÓN DE DATOS E AUTORIZACIÓN PARA OBTELOS

A UDC poderá obter os datos necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria.

As prazas adxudicadas serán revogadas en calquera caso cando non se cumpran os requisitos establecidos, cando exista unha ocultación ou un falseamento nos datos achegados.

A UDC poderá determinar que se produciu a ocultación ou o falseamento de información por calquera medio de proba, e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera administración pública.

12. RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

Aplicarase como normativa supletoria a esta convocatoria a seguinte normativa:

Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o Réxime das Bolsas e Axudas ao estudo personalizadas.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos-RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal

A solicitude dunha praza nas residencias públicas universitarias ao abeiro desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da xestión correcta da adxudicación das prazas. Todas as persoas que teñan contacto con estes datos coa citada finalidade, cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza consonte a esta convocatoria, para o cal a UDC comunicarlle os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC (datos de identidade, datos bancarios, situacións persoais necesarias para a correcta prestación do servizo e datos relativos ao uso dos servizos da residencia).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento dos datos quedase xustificado con algunha das outras bases de lexitimación previstas no artigo 6 do RXP. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico rp@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpo@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no taboleiro electrónico da UDC.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Se como consecuencia dalgunha situación excepcional, fose preciso unha redistribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles, autorízase a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, e a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, para realizar a distribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles.

Na data da sinatura dixital

O reitor

Ricardo Cao Abad

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO I. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZA

As prazas adxudicaranse por rigurosa orde de recepción de solicitudes, ata cubrir o total de prazas ofertadas. Terán prioridade sobre a disposición anterior os estudantes con estadías anuais e aqueles que cumpran algunha das condicións que se enumeran a continuación, establecéndose unha orde de adxudicación en función da suma de puntuacións acadadas por cada participante.

1. Duración da estadía (4 puntos)

Terase en conta duración da estadía, valorándose as estadías anuais con 4 puntos. Non é preciso que o estudante demostre esta condición.

2. País de orixe (3 puntos)

Terase en conta o valor do último Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) publicado para o país de orixe do estudante, sempre que o valor do índice sexa igual ou inferior a 0,80. Non é preciso que o estudante demostre esta condición.

3. Alumnado con discapacidade (3 puntos)

Persoas solicitantes que acrediten oficialmente unha discapacidade que implique dificultades na súa mobilidade e no seu desenvolvemento das actividades cotiás. Para demostrar esta condición é preciso aportar unha certificación médica con tradución oficial ao inglés, cando o idioma sexa distinto do español ou portugués.

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO II. DOCUMENTACIÓN QUE SE DE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES

O/a estudante solicitante deberá aportar:

- Copia do documento de identificación (pasaporte).
- Certificado médico sobre a súa situación de discapacidade.

Cando a documentación que se aporta sexa nun idioma diferente ao español ou ao portugués, o estudante terá que aportar unha tradución oficial ao inglés.

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO III. SOLICITUDE DE PRAZA DE ALOXAMENTO NA RESIDENCIA PÚBLICA UNIVERSITARIA. CURSO 2024/25

RESIDENCIA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO – A CORUÑA RESIDENCIA UNIVERSITARIA DE FERROL

DATOS PERSOAIS: (encher en letra maiúscula)

HOME MULLER OUTRO NON DECLARO

Apelidos e nome: PASAPORTE:
Data nacemento Enderezo a efectos de notificación:
C. Postal: Poboación: Provincia: País:
Teléfono contacto: Enderezo electrónico:

DURACIÓN DA ESTADÍA:

Anual
 1 semestre

DATOS ACADÉMICOS NA UDC:

Alumno/a do Grao en:
 Alumno/a do Máster en:

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2023/2024:

Universidade de orixe:
Estudos realizados no curso 2023/2024:

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR: (marque cun X a documentación que entrega)

Fotocopia do PASAPORTE do solicitante
 Certificado de discapacidade, se é o caso

A persoa que asina, declara responsablemente que é certa a información e a documentación incorporada á presente solicitude.

Data:

Sinatura:

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD), y do artigo 11 de la Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), con datos de contacto Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, enderezo electrónico rdp@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión das prazas adjudicadas nas residencias universitarias da UDC. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza consonte a esta convocatoria, para o cal a UDC comunicarlle os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC e na convocatoria de prazas para as residencias.

A persoa interesada consente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª LOPD, e consente no indicado tratamento dos datos a efectos de cumprir a finalidade descrita, nos termos establecidos na convocatoria; terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento quedase xustificado por algunha das demais bases de lexitimación do art. 6 RGPD. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de las vías indicadas en: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-registro/

Código Seguro De Verificación	sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	19/04/2024 13:11:05
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sW7f1MN/1SEUG1c07q7H7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

